

INSTRUCCIÓN 1/2021 DA AXENCIA DO COÑECEMENTO EN SAÚDE SOBRE O REINICIO DAS PRÁCTICAS UNIVERSITARIAS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE NOS CENTROS SANITARIOS DO SERGAS EN APLICACIÓN DA ORDE DO 26 DE XANEIRO DE 2021 POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS COMO CONSECUENCIA DA EVOLUCIÓN DA SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA DERIVADA DO COVID-19 NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

A Axencia do Coñecemento en Saúde (ACIS) ten as competencias de coordinación, desenvolvemento e exercicio das funcións relacionadas coas prácticas de ciclos formativos, prácticas pregrao e máster, formación sanitaria especializada e formación continua que se desenvolvan nos centros da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde.

En virtude das mesmas, o 31 de agosto de 2020 a ACIS publicou o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 no Desenvolvemento das prácticas presenciais correspondentes ás Titulacións de FP e de Grao/Máster nos Centros Sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

O referido protocolo indica que *“nesta situación de normalidade adaptada á capacidade docente das unidades, servizos ou áreas durante o curso 2020/2021 deberase reducir ata o 75 %”* e que *“nos vindeiros meses, en función da evolución dos criterios epidemiolóxicos poboacionais e/ou asistenciais existentes no centro sanitario, a capacidade docente da unidade, servizo, área ou centro poderíase ver máis limitada. Se isto ocorrese podería ser necesario reducir o número de estudantes en prácticas nos actos asistenciais, recolocar os estudantes noutras unidades, servizos ou áreas ou mesmo suspender, de forma temporal, as prácticas presenciais nesa unidade, servizo, área ou centro sanitario”*.

A recente Orde do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, indica que: *“a actividade docente nas ensinanzas universitarias correspondente ao segundo cuadrimestre comezará, nas tres universidades públicas galegas, o luns 8 de febreiro. A docencia restablecerase exclusivamente en modalidade non presencial durante o período a que se estenda a eficacia da medida conforme o punto cuarto da orde.”*

Tendo en conta o referido protocolo e a recente Orde do 26 de xaneiro de 2021 compre establecer as seguintes

INSTRUCCIÓNS

Primeira.

Se apraza o inicio das prácticas universitarias que non correspondan ao último curso dos graos universitarios durante o período a que se estenda a eficacia das medidas conforme o punto cuarto da Orde do 26 de xaneiro de 2021, que neste momento está prevista para o 17 de febreiro de 2021.

Segunda.

Sempre que a situación do centro sanitario o permita, procurárase manter o desenvolvemento das prácticas obrigatorias do último curso dos graos universitarios, realizando as adaptacións que se consideren oportunas tendo en conta a situación concreta de cada centro.

Terceira.

As medidas da presente instrución son provisionais e poden ser modificadas segundo evolucione a crise sanitaria orixinada polo coronavirus SARS-CoV-2 (COVID-19) e/ou pola normativa autonómica ou nacional que lle sexa de aplicación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xerente da Axencia de Coñecemento en Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo

